

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 07 de setembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día sete de setembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(931).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(932).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN EN PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO, NOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DA CONCELLERÍA DELEGADA DE MOBILIDADE E

SEGURIDADE, MULTAS DE CIRCULACIÓN E LIQUIDACIÓN DE TAXAS POLA RETIRADA DE CUSTODIA DE VEHÍCULOS NO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 16863/541.

Visto o informe de fiscalización do 04/09/17, dáse conta do informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación:

"A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de agosto de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) na seguinte orde descendente:

LICITADORA	TOTAL
SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI)	96,36
UTE, ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, SA Y RECERCA I DESENVOLUPAMENT EMPRESARIAL, S.L. (AL)	82,43

LICITADORA	TOTAL
COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A. (CGI)	76,42
GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A. (GTT)	75,92
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN, S.L.	66,73

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 1.991,45 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), o día 14 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida o 29 e 30 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa

de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 26 de xullo e 7 de agosto de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), o procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 13.939.200,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.419.200,00 euros.

b) Propón a redución da retribución pola recadación en vía executiva de ingresos de dereito público, agás multas de circulación prevista no seguinte cadro:

Recadación efectiva, €	% máxima	% mínima	Recorrido (máx – mín)	Puntos máximos baixa	Puntos de baixa ofertado polo licitador
Ata 3.000.000,00	14,00%	10,00%	4,00	4	4
Dende 3.000.000,01 ata 5.000.000,00	16,00%	12,00%	4,00	4	4
Dende 5.000.000,01 ata 8.000.000,00	18,00%	14,00%	4,00	4	4
Dende 8.000.000,01 ata 11.000.000,00	20,00%	16,00%	4,00	4	4
Máis de 11.000.000,00	22,00%	18,00%	4,00	4	4

c) Propón a retribución pola recadación en vía executiva de multas de tráfico prevista no seguinte cadro:

% Porcentaxe ofertado polo licitador multas de tráfico en vía executiva

26,95%

d) Propón a retribución pola recadación en vía voluntaria e executiva por liquidación pola retirada de vehículos e custodia no depósito municipal e outras sancións competencia da área de Seguridade Tráfico e Transportes prevista no seguinte cadro:

% Porcentaxe ofertado polo licitador pola recadación neta das liquidacións
24,95%

e) Propón a redución da retribución do incentivo de xestión previsto no apartado 17.E desta FEC prevista no seguinte cadro:

% Recadación s/ cargo líquido	Porcentaxe de baixa, seleccione un so tramo
Máis do 20% ata o 30%	100%
Máis do 30% ata o 40%	100%
Máis do 40% ata o 45%	100%
Máis do 45% ata o 50%	100%
Máis do 50%	100%

f) Propón a retribución pola xestión e recadación en período voluntario de cobro de multas de tráfico prevista no seguinte cadro:

% Porcentaxe ofertado polo licitador multas de tráfico en período voluntario
26,95%

g) Propón un rendemento dos servidores de base de datos de **70.400** suma total dos valores (SPECint_rate2006 base) dos nodos do pool.

h) Propón unha capacidade total da memoria dos servidores físicos de bases de datos de **20.000** (nº) GB, correspondentes a suma dos nodos.

i) Propón un rendemento dos servidores de aplicacións de **35.200** suma total dos valores (SPECint_rate2006 base) dos nodos do pool.

j) Propón unha capacidade total da memoria dos servidores físicos de aplicacións de **10.000** (nº) GB, correspondentes a suma dos nodos.

k) Propón outorgar licencias para o uso do entorno completo da aplicación a **500** (nº) usuarios.

l) Propón **107** (nº) servizos de intercambio de información de procesos básicos definidos de antemán sobre os recibos mediante intercambio dinámico, en liña, de información cos sistemas de información do Concello de Vigo (apartado 2.4 da cláusula X.2 do PPT).

m) Comprométese a achegar as seguintes melloras:

- Achega, mantemento e reposición de **926** (nº) equipos (mínimo 50) de captura e emisión electrónica de denuncias por parte dos axentes municipais nos dispositivos móbiles e impresoras ruguerizadas, integradas as mesmas no sistema de recadación de multas coas seguintes características técnicas: 16 GB de memoria, tamaño de pantalla 5,5" compatible MDM e cunha batería de capacidade de 2,5 amperios, xunto coa súa liña de datos.
- Campañas publicitarias en medios de comunicación relacionadas de forma directa cos procesos de xestión e recadación, que deben incluír a promoción de medios de pago e realización doutras xestións mediante técnicas e medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou outros medios ou medidas que redunden nunha mellor relación Concello-contribuínte cun importe de 20.000 euros/ano para a totalidade do contrato **si** (si/non).
- Plan de formación en materia tributaria e recadadora (xurídica e económica) para os empregados do Concello adscritos aos servizos económicos cun importe de 10.000 euros/ano para a totalidade do contrato **si** (si/non).

n) Propón as melloras que deseguido se relacionan, segundo se indican no informe asinado polo tesoureiro municipal de data 7 de agosto de 2017:

Melloras sobre C, me remito aos criterios que están nas táboas e os números reflectidos refírense a contías de números informáticos, GB, licencias, servizos, equipos de captura, publicidade, formación	Oferta en número
8.B.2.1.a), rendemento de servidores físicos BBDD	70.400,00
8.B.2.1.b), incremento de servidores físicos BBDD	20.000,00
8.B.2.2.a), rendemento equipos aplicacións	35.200,00
8.B.2.2.b), incremento de memoria servidores aplicacións	10.000,00
8.B.2.3, nº de licencias	500,00
8.B.2.4, nº de servizos de intercambio	107,00
8.B.3.1, medios electrónicos de captura	926,00
8.B.3.2, publicidade/ano	20.000,00
8.B.3.3, formación/ano	10.000,00

Melloras sobre B	Importe
Xestión integral de loita contra o fraude fiscal	120.000,00
Formación para esta finalidade	12.000,00
Plan de control de fraude	20.000,00
Conexión PIE	35.200,00
Implantación, pilotaxe de melloras na captura de datos	117.200,00
Melloras no servizo de atención ao cliente co detalle da oferta	280.000,00
Total económico	584.400,00

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(933).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO-A GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE-A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO. EXPTE. 4472/440.

Visto o informe de fiscalización do 04/09/17, dáse conta do informe-proposta do 31/08/17, da secretaria da Mesa de Contratación:

"A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de agosto de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de xullo de 2017, por non acadar o umbral de puntuación mínima para a proposición avaliable mediante xuízo de valor fixado no apartado 8.A da FEC.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 1 de agosto de 2017:

1. CLOTHOS, S.L.
2. UTE ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIOAMBIENTE, S.L. – EIC DURAN, S.L.
3. GOC, S.A.
4. URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	93,65
2	AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L.	86,29
3	ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.	85,47
4	GALAICONTROL, S.L.	85,10
5	TÉCNICAS Y PROYECTOS, S.A. (TYPESA)	82,78
6	PROYFE, S.L.	81,68
7	SGS TECNOS, S.A.	81,10
8	PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.	76,60

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.093,36 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., o día 14 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida nas datas 23 e 25 de agosto de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada, e acordou, por unanimidade, conceder a INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. un prazo de tres días hábiles para que completase a solvencia técnica acreditada por resultar insuficiente á vista dos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

O 29 de agosto de 2017 o licitador presentou nova documentación, que foi cualificada pola Mesa de Contratación na sesión do 31 de agosto. Sendo correcta a documentación, a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 6 de xullo e 1 de agosto de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440) por un prezo total de 77.924,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.524,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(934).- ABONAMENTO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POLA REALIZACIÓN DA CAMPAÑA DE DESRATIZACIÓN LEVADA A CABO DURANTE OS MESES DE MAIO, XUÑO E XULLO 2016. EXPTE. 30539/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25/08/17, dáse conta do informe-proposta do 24/08/17, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal:

"O Xefe do Servizo de Medio Ambiente coa conformidade da concelleira-delegada da área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, remite escrito a Area de Recursos Humanos no que, dado que o servizo de desinfección ven desenvolvendo dende hai anos a campaña de desratización no termo municipal de Vigo durante os meses de abril a xullo, época do ano na que polas condicións climáticas e atmosféricas, se produce unha maior proliferación das pragas no referente a reprodución das ratas e a eclosión das cascudas, solicita se proponga á Xunta de Goberno Local a aprobación dun complemento de produtividade ao persoal pola realización da devandita campaña de desratización do termo municipal de Vigo para o presente ano 2017 e que sería acometida directamente polo propio persoal adscrito ó Servizo de Desinfección, coa colaboración dun oficial conductor adscrito ó Parque Móbil municipal.

Proponse que os tratamentos anual hixiénico-sanitario da campaña de desratización e desinsectación durante o ano 2017, sexan realizados, como en anos anteriores, polo persoal Municipal adscrito ó servizo de control de pragas, dada a súa experiencia, profesionalidade, interese e rendemento acreditados polo persoal do Servizo, que voluntariamente traballa nestes cometidos extraordinarios, así como os excelentes resultados obtidos nas últimas campañas, xunto co feito de que rematada a campaña, este mesmo persoal encárgase da evolución das pragas dentro do término municipal a través de actuacións de revisión periódicas e/ou calquera outra incidencia relacionada coas diferentes pragas.

Para que a referida actuación poida executarse correctamente, resulta necesaria a realización dunha serie de servizos fora do horario habitual de traballo, o que ven xustificado por razóns de índole técnica, xa que se requiren intervencións continuas en horario nocturno durante o tempo de realización de dita campaña.

Así mesmo, resulta constatado que a realización deste servizo pola propia Administración, supón un importante aforro así como unha maior eficacia e eficiencia fronte a unha contratación administrativa externa, tal e como se reflexa nos orzamentos solicitados polo Servizo e que forman parte do expediente - Empresas Agronerga por importe de 123085,00 € segundo orzamento de data 17/01/2017 e Plaguiber por importe de 158510,00 € , orzamento de data 19/01/2107) .

En relación coa eficacia e aforro fronte a contratación externa, no informe da xefatura de Medio ambiente se indica que:

Desde esta xefatura entendemos que o importe solicitado con cargo á partida de

productividade supón un importante aforro para as arcas municipais fronte a contratación dunha empresa externa para desenvolver a citada campaña, situación que se xustifica cos orzamentos de empresas privadas, nos que o custe dos tres meses de campaña de desratización supón unhas cinco veces o gasto medio de biocidas do servizo de Control de Pragas en todo o ano, campaña de desratización incluída. Ademais hai que facer fincapé no feito de que a empresa privada unha vez desenvolvidas as catro fases nas que se divide a campaña (tratamento de choque xunto a tres fases de reposición) daría por rematada a mesma, mentres que, de realizala o persoal adscrito ao servizo de control de pragas como en anos anteriores, a labor continúa o resto dos meses do ano con protocolos e actuacións de prevención e revisión periódicas conseguindo temporalmente un mellor control das pragas da cidade fundamentalmente no que as ratas e cascudas se refire.

Cumpre salientar que idénticas campañas veñen realizándose nos pasados anos con resultados altamente satisfactorios, segundo informes do Servizo.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de Setembro de 2010, en concreto a Instrución 3ª h) establece que "con cargo ó complemento de productividade aboarase a actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación, etc., do Laboratorio municipal cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, tendente á desinfección, desinsectación ou desratización no termo municipal, concederáse a instancias da Xefatura do Laboratorio Municipal un complemento de productividade que sirva para recompensa-lo esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación destas medidas conxunturais, polo importe que expresamente dispoña a Xunta de Goberno Local. A percepción desta productividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, para os servizos extraordinarios (festividade, nocturnidade, xornada partida, etc.).

O importe total da productividade proposta pola Directora do Laboratorio Municipal ascende a un importe máximo de 12.000,00 € para a totalidade do persoal participante, cantidade que se proporá o aboamento unha vez rematada dita campaña, realizando cuantificación detallada e tendo en conta o grao de participación de cada un dos empregados municipais integrantes do equipo que realiza a campaña, o número de horas e xornadas nas que participe cada un dos efectivos,

O persoal que participará na campaña 2017 será:

Nº PERSOAL	POSTO DE TRABALO
16350	Capataz
22790	Oficial desinfectador
81369	Oficial desinfectador
80360	Conductor

O complemento de productividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

-A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

-En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos representantes sindicais como do resto de empregados municipais

Deste xeito, a Xunta de Goberno local, en data 23/02/2017 (Expte 29410-220) acordou o seguinte:

Primeiro.- Aproba-la realización da campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2017, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dun oficial conductor do Parque Móbil que se indica, previsto o seu inicio no mes de Maio de 2017:

Nº PERSOAL	POSTO DE TRABALO
16350	Capataz
22790	Oficial desinfectador
81369	Oficial desinfectador
80360	Conductor

Segundo.- Dispoñer que polo Servizo xestor se proceda a remisión a Área de Recursos Humanos e Formación, informe acreditativo da efectiva realización dos traballos, relación dos participantes na mesma, datas de inicio e finalización da campaña e demais aspectos relevantes, ao efecto de valorar a procedencia de outorgamento ou recoñecemento de eventuais complementos de produtividade nos termos recollidos nas vixentes instrucións sobre plantilla

Terceiro.-A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do servizo de Medio Ambiente, no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe

individualmente a dedicación e rendemento de todos e cada un dos traballadores participantes na campaña 2017 así como a cuantificación individualizada da proposta de produtividade en función do número de horas e xornadas adicadas a mesma, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

En data 22/08/2017, o xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co conforme da Concelleira delegada da Área, informa da realización da campaña de desratización efectuada polo persoal da unidade de desinfección, realizada nos meses de maio, xuño e xullo, sendo os resultados da mesma altamente satisfactorios nas atrefas de control da eclosión de diferentes pragas.

Indicase as datas de participación de cada un dos empregados municipais na realización da devandita campaña.

Inclúese no expediente memoria da campaña na que se recolle as tarefas realizadas nas distintas fases da mesma, materiais utilizados, zonas e barrios da cidade de actuación e resultados obtidos na mesma.

Deste xeito enténdese que as tarefas executadas foron realizadas cun alto grado de participación, dispoñibilidade, iniciativa e colaboración por parte dos empregados participantes

A autorización das tarefas de desinfección contan coa previa autorización acordada pola Xunta de Goberno local, en data 23/02/2017 (Expte 29410-220), previo informe de fiscalización de esta Intervención Xeral de data 10/02/2017 e emisión de documento contable RC nº 10658 por importe de 12,000.00 €

En consecuencia, e previo informe da Intervención Xeral relativo á fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1.-Outorgar aos funcionarios do Servizo de Desinfección que a continuación se relacionan un complemento de produtividade polos importes que se indican, polo especial rendemento, iniciativa e interese demostrado no desempeño das funcións encomendadas na realización da Campaña de desratización levada a cabo nos meses de maio, xuño e xullo do ano 2016:

–Oficial desinfectador, con nº de persoal 22790, por importe de 3569,23€

– Oficial desinfectador, con nº de persoal 81369, por importe de 3569,23.€

–Capataz do Servizo de desinfección, con nº de persoal 16350, por importe de 1292,31€

– Oficial condutor con nº de persoal 80360, por importe de 3569,23 €

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 12000,008 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo a partida orzamentaria 920.0.1500000 "Productividade" (RC num 10658).

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(935).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE AOS SERVIZOS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 30505/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/08/17, dáse conta do informe-proposta do 28/08/17, asinado pola técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Mediante Instrucción de servizo do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal ordease que pola Area de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación de expediente administrativo para o aboamento dun complemento de produtividade polo especial rendemento prestado no ano 2016 polo persoal do servizo da Policía Local, previa emisión dos correspondentes informes acreditativos que pola xefatura do servizo indicado se emitan, así como dos preceptivos informes ao respecto.

En data 07/08/2017 recibense nesta Area petición efectuada en informe asinado en data 04/08/2017 da xefatura do servizo da Policía Local conformado polo Concelleiro Delegado da Area (Expte 66177-212), na que se solicita un complemento de produtividade para un total de 318 funcionarios do servizo baseada na súa especial adicación e profesionalidade demostrada no periodo xuño-setembro de 2016, tendo en conta a minoración no número de funcionarios no periodo sinalado dun 40%, así como o incremento no número de intervencións policiais, tanto desde o punto de vista da labor proactiva na prevención sobre a seguridade viaria, seguridade cidadá, cumprimento das ordenanzas municipais, etc., coma no número de intervencións a requerimento dos cidadáns.

En informe de data 11/07/17, asinado polo Intendente da Policía Local, sinalase o esforzo que esta a realizar este servizo para levar a cabo as súas funcións , toda vez que no periodo xuño-setembro 2016 atopábanse 67 postos vacantes, dunha plantilla de 402 efectivos. Amais a coincidencia cos periodos vacacionais do persoal , as baixas por IT e accidentes laborais e permisos oficiais fan que a falla de efectivos se vexa incrementada.

Deste xeito faise necesaria a modificación de quendas de traballo, horarios, descansos etc para dar cobertura satisfactoria as demandas de servizos que se producen neste periodo .

No devandirto informe recollenese os actos relixiosos, eventos deportivos , culturais e festivos nos que se prestaron servizos asi como as visitas de cruceiros e a presenza en conflitos sociais e laborais que tiveron lugar no periodo xuño-setembro 2016.

Por outra banda, realizáronse, entre outras , diversas campañas d etrafico (Carga e descarga, uso do cinto de seguridade, alcohol e drogas, control de velocidade, actividades de caza e pesca, control de vertidos, etc, realizándose un total de 3266 controis , mais de 165321 vehiculos controlados e 1299 denuncias.

A realización das campañas en materia de trafico viñeron a supoñer unha reduccion do 21,6% dos accidentes de trafico, reducíndose asi mesmo o numero de falecidos, de feridos graves e leves e o numero de atropelos.

No punto nove do informe de data 11/07/2017 inclúese unha taboa na que s erecollen o numero de intervencions levadas a cabo no ano 2016 por parte do persoal do Corpo da Policia Local, da que se deduce que , na tempada estival, aínda que se conta con menos efectivos polas razóns anteriormente sinaladas, realízanse un maior de actuacións policiais.

Este incremento do volumen de traballo durante a súa xornada de traballo fixéron que o rendemento do persoal fora extraordinario, amosando unha disponibilidad en todo momento é realizando unha aportación moi superior ás esixencias normais do desempeño dos postos policiais, destacando a iniciativa e interese co que os funcionarios para os que se solicita o aboamento dun complemento de produtividade levan a cabo estas tarefas.

Para a cuantificación económica a percibir por cada funcionario policial contido no anexo contido no expediente 55177-212, tómase como referencia obxectiva o importe da hora extraordinaria por xornada realizada por cada funcionario, atendendo ás diferentes categorías profesionais. Estímase que non é de aplicación os recargos que poideran corresponder por nocturnidade, domingos e festivos, ao non poder obxectivizar que a carga de traballo fora superior nos días e franxas horarias dónde habería que aplicar ditos recargos, obxecto da presente proposta.

O importe tomado como referencia según as categorías profesionais e por xornada son os seguintes:

CATEGORÍA	IMPORTE XORNADA
Intendentes	27,03 €
Inspector Principais	14,78 €
Inspectores	14,49 €
Oficiais	11,41 €
Policías	10,97 €

Todo o persoal que se relaciona no anexo atopabase de servizo activo no periodo proposto para o aboamento do complemento de produtividade.

O importe total do complemento de produtividade proposto supón un total de 170859,17€.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outo-

bro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

–A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

–En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :

Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

–Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo

–Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.

Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

- Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.
- Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.
- Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

Por outra banda, as **necesidades en canto a persoal manifestadas** nos informes de dito servizo pódense minorar co incremento da plantilla, en aplicación do establecido no artigo 19 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, que contempla que:

“Artículo 19. Oferta de Empleo Público u otro instrumento similar de gestión de la provisión de necesidades de personal.

Uno. 1. La incorporación de nuevo personal en el sector público delimitado en el artículo anterior, a excepción de las sociedades mercantiles públicas y entidades públicas empresaria-

les, fundaciones del sector público y consorcios participados mayoritariamente por las Administraciones y Organismos que integran el Sector Público, que se regirán por lo dispuesto en las disposiciones adicionales décima quinta, décima sexta y décima séptima respectivamente, de esta Ley y de los Órganos Constitucionales del Estado, estará sujeta a los límites y requisitos establecidos en los apartados siguientes.

Se exceptúa de lo dispuesto en el párrafo anterior, la incorporación de personal que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores o de los procesos de selección y reclutamiento para la cobertura de las plantillas de militares de Tropa y Marinería profesional fijadas en la disposición adicional décima cuarta.

2. Respetando, en todo caso, las disponibilidades presupuestarias del Capítulo I de los correspondientes presupuestos de gastos, en los siguientes sectores y administraciones la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 100 por ciento:

A) Administraciones Públicas con competencias educativas para el desarrollo de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, en relación con la determinación del número de plazas para el acceso a los cuerpos de funcionarios docentes.

B) Administraciones Públicas con competencias sanitarias respecto de las plazas de personal estatutario de los servicios de salud del Sistema Nacional de Salud.

C) Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, Cuerpos de Policía Autónoma de aquellas Comunidades Autónomas que cuenten con Cuerpos propios de dicha Policía en su territorio, y, en el ámbito de la Administración Local, personal de la Policía Local, en relación con la cobertura de las correspondientes plazas de dicha Policía./..../”

En el supuesto de las plazas correspondientes al personal de la policía local, se podrá alcanzar el cien por cien de la tasa de reposición de efectivos siempre que se trate de Entidades Locales que cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales o, en su caso, las Leyes de Presupuestos Generales del Estado, en materia de autorización de operaciones de endeudamiento. Además deberán cumplir el principio de estabilidad al que se refiere el artículo 11.4 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera tanto en la liquidación del presupuesto del ejercicio inmediato anterior como en el presupuesto vigente. En relación con este último, la Entidad deberá adoptar un Acuerdo del Pleno u órgano competente en el que se solicite la reposición de las plazas vacantes y en el que se ponga de manifiesto que aplicando esta medida no se pone en riesgo el cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria. Lo indicado en el presente párrafo deberá ser acreditado por la correspondiente Entidad Local ante el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, previamente a la aprobación de la convocatoria de plazas.”

